

REUNIDOS EN A POBRA DE TRIVES, OS REPRESENTANTES SOCIAIS, CULTURAIS,
POLÍTICOS E ECONÓMICOS, DOS CONCELLOS ABAIXO NOMEADOS, DESEXAN
FACER PÚBLICO O SEGUINTE
MANIFESTO

REIVINDICAMOS, de xeito inequívoco, a AUTOVÍA A-76, CORREDOR 3, a través da provincia de Ourense, cuxo trazado está definido, nos estudos previos, no contorno da actual OU-536, OU-636 entre A RÚA e OURENSE.

Esta autovía supón a vertebración da provincia de Ourense, a través da zona oriental:

PORQUE:

TECNICAMENTE, consideramos que este trazado ofrece evidentes vantaxes sobre os outros barallados para esta vía, porque ocasionaría un menor impacto ambiental, porque se optimizarían os tempos de percorrido, e porque se abaratarían os custos de execución material na súa construción; tal e como reflicten os informes emitidos por diversas institucións. Acadaríase unha ordenación territorial en infraestruturas máis xusta, equitativa e homoxénea.

SOCIALMENTE, é de urxente necesidade para vertebrar adecuadamente os concellos, polos que transcorre, co resto da provincia de Ourense, co resto de Galicia e co resto de España, rematándose cunha situación de agravio para as nosas terras producida coa supresión da antiga Nacional 120.

ECONOMICAMENTE, é imprescindible para acadar o desenvolvemento real dos grandes potenciais dos nosos concellos, e que se conseguiría coa construción dunha vía de alta capacidade como a futura Autovía A-76. O corredor que reivindicamos, o número tres, que percorre a provincia de Ourense, pasaría ao pé da única estación de esquí de Galicia, que recibe, miles de visitantes de España e Portugal, e que coa súa construción potenciaría o uso deste tramo da autovía A-76.

HISTORICAMENTE, o territorio e a propia provincia pola que debe transcorrer esta autovía veñen sendo marxinados dende hai décadas. Non se trata de mendigar nin de ir de vítimas, senón de reclamar o que consideramos xusto para o rexurdir duns pobos condenados a desaparición por falla de infraestruturas.

Por estes motivos, e por que cremos firmemente na necesidade de desenvolver o grande potencial destas terras, faise necesaria máis ca nunca, a unidade de todos os cidadáns e cidadás, institucións e, principalmente, dos políticos que nos representan, para que fagan valer ante quen competa, a necesidade, lexitimidade e xustiza da nosa petición para que a Autovía A-76 discorra polo corredor número tres, pola provincia de Ourense

CHEGOU o momento; esta é a oportunidade de que a administración pague esta **DÉBEDA HISTÓRICA**.

PARA OS CIDADÁNS e CIDADÁS, destes concellos esta é a última posibilidade de supervivencia; se esta demanda non é satisfeita, o impacto económico e social vai ser brutal e a nosa poboación quedará sen expectativas.

O que estamos a pedir é de elemental **XUSTIZA SOCIAL**.

ASINADO: concellos de O BOLO, CASTRO CALDELAS, CHANDREXA DE QUEIXA LAROUCO, MACEDA, MANZANEDA, MONTEDERAMO, PARADA DO SIL, PEREIRO DE AGUIAR, POBRA DE TRIVES, A TEIXEIRA, VIANA DO BOLO, VILARIÑO DE COUSO, , SAN XOÁN DE RÍO, BAÑOS DE MOLGAS, XUNQUEIRA DE ESPADANEDO, ESGOS.